



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC02	Integración social	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0339	Atención ás unidades de convivencia	2025/2026	0	161	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	GONZALO DOCAMPO NÚÑEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica a intervención na unidade de convivencia tendo en conta a relación entre os modelos de intervención e os aspectos xerais da metodoloxía de intervención social
RA2 - Organiza a intervención en unidades de convivencia, para o que analiza as necesidades destas nos ámbitos doméstico, persoal e relacional
RA3 - Deseña actividades do proxecto de intervención nas unidades de convivencia, para o que analiza as estratexias de intervención
RA4 - Organiza estratexias de intervención no ámbito da prevención de violencia doméstica, para o que analiza os factores persoais e sociais
RA5 - Desenvolve estratexias de intervención en violencia doméstica, tendo en conta as relacións entre as características da situación e o protocolo establecido
RA6 - Realiza actividades para o control e o seguimento da intervención na unidade de convivencia, e xustifica a selección de estratexias, técnicas e instrumentos de avaliación

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse os modelos de intervención en unidades de convivencia
CA1.3 Identifícanse as características da intervención nos servizos de axuda a domicilio, programa de familia, teleasistencia e recursos residenciais para colectivos específicos
CA1.4 Defínense os obxectivos dunha intervención nunha unidade de convivencia
CA1.5 Descríbense as principais estratexias e técnicas para a intervención na unidades de convivencia
CA1.6 Defínense as actividades dentro do proxecto de intervención coa unidade de convivencia
CA1.8 Valorouse o traballo en equipo para a planificación da intervención



Criterios de avaliación do currículo
CA2.1 Descríbóronse os factores que interveñen na adquisición de competencias necesarias para a autonomía das unidades de convivencia
CA2.2 Identificáronse os niveis de autonomía en diversas unidades de convivencia
CA2.3 Identificáronse as necesidades das unidades de convivencia nos ámbitos doméstico, persoal e relacional
CA2.8 Argumentouse a importancia de respectar as decisións de cada membro da unidade de convivencia
CA3.1 Identificáronse os protocolos de actuación tendo en conta as características da unidade de convivencia
CA3.5 Descríbóronse os apoios de comunicación e as axudas técnicas necesarias na unidade de convivencia
CA3.8 Definiuse o asesoramento á unidade de convivencia sobre as responsabilidades e as accións que deban asumir
CA4.1 Identificáronse os factores de risco en diversos colectivos
CA4.2 Identificáronse os niveis de prevención na intervención social
CA4.3 Descríbóronse accións preventivas para evitar que se produzan ou agraven situacións de violencia doméstica
CA4.5 Seleccionáronse instrumentos e materiais que ofrezan información e a formación
CA4.8 Valorouse o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na realización de accións preventivas
CA5.1 Definíronse as características de posibles situacións de violencia doméstica
CA5.2 Descríbóronse os factores de risco en situacións de violencia doméstica
CA5.4 Seleccionáronse os indicadores de violencia doméstica
CA5.5 Identificáronse os protocolos en situacións de violencia doméstica
CA5.8 Valorouse o cumprimento das normas e dos criterios establecidos no protocolo de actuación no relativo ao trato dispensado ás persoas que sufriran violencia doméstica
CA6.1 Identificáronse os indicadores do proceso de control e seguimento da intervención en unidades de convivencia



Criterios de avaliación do currículo
CA6.6 Transmítíuselles a información ás persoas implicadas na intervención, tanto directamente como indirectamente
CA6.7 Valorouse a necesidade de que o persoal técnico superior en Integración Social reflexione sobre as súas propias intervencións
CA6.8 Xustificouse a toma de decisións para modificar ou adaptar a intervención nas unidades de convivencia

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica a intervención na unidade de convivencia tendo en conta a relación entre os modelos de intervención e os aspectos xerais da metodoloxía de intervención social
RA2 - Organiza a intervención en unidades de convivencia, para o que analiza as necesidades destas nos ámbitos doméstico, persoal e relacional
RA3 - Deseña actividades do proxecto de intervención nas unidades de convivencia, para o que analiza as estratexias de intervención
RA4 - Organiza estratexias de intervención no ámbito da prevención de violencia doméstica, para o que analiza os factores persoais e sociais
RA5 - Desenvolve estratexias de intervención en violencia doméstica, tendo en conta as relacións entre as características da situación e o protocolo establecido
RA6 - Realiza actividades para o control e o seguimento da intervención na unidade de convivencia, e xustifica a selección de estratexias, técnicas e instrumentos de avaliación

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.2 Analizáronse os recursos destinados á intervención en unidades de convivencia nos ámbitos estatal e autonómico
CA1.7 Determináronse as pautas para a intervención directa nas unidades de convivencia
CA2.4 Determináronse as necesidades de formación, información, supervisión e acompañamento da unidade de convivencia



Criterios de avaliación do currículo
CA2.5 Relacionáronse os obxectivos e as estratexias de intervención social coas necesidades que presenta a unidade de convivencia
CA2.6 Organizáronse os espazos, os recursos e os tempos necesarios para a posta en práctica da intervención nas unidades de convivencia tendo en conta a xeración de ámbitos seguros
CA2.7 Relacionáronse as carencias e as alteracións na vida cotiá das unidades de convivencia coa intervención do persoal técnico superior en Integración Social
CA2.8 Argumentouse a importancia de respectar as decisións de cada membro da unidade de convivencia
CA3.2 Planificáronse as actividades de organización das tarefas de mantemento do domicilio tendo en conta o proxecto de intervención
CA3.3 Determináronse estratexias e técnicas de apoio social e emocional na unidade de convivencia
CA3.4 Previuse o apoio á xestión doméstica da unidade de convivencia
CA3.6 Deseñáronse itinerarios para a participación das persoas usuarias nos espazos e nas actividades de lecer e tempo libre
CA3.7 Establecéronse procesos e actividades de educación afectivo-sexual
CA3.9 Simulouse a resolución das continxencias na intervención en unidades de convivencia
CA3.10 Valorouse a importancia de que o trato dispensado ás persoas da unidade de convivencia se axuste aos criterios e ás normas de atención establecidas
CA4.4 Deseñáronse estratexias que promovan a prevención de accións violentas
CA4.6 Determináronse accións de sensibilización para as situacións de violencia doméstica e o seu ámbito
CA4.7 Elaboráronse actividades de sensibilización sobre o problema da violencia doméstica para todos os sectores da poboación
CA5.3 Analizáronse as prestacións dos servizos relacionados coa detección e a atención en situacións de violencia
CA5.6 Simulouse o acompañamento persoal, social e emocional en situacións de violencia doméstica
CA5.7 Aplicáronse técnicas de atención psicosocial para as persoas que sufriran unha situación de violencia doméstica
CA6.2 Seleccionáronse as técnicas, os instrumentos e os protocolos para a realización do seguimento da intervención nas unidades de convivencia



Criterios de avaliación do currículo

CA6.3 Elaboráronse os instrumentos de avaliación que valoren internamente e externamente a intervención na unidade de convivencia

CA6.4 Aplicáronse técnicas e procedementos de avaliación para valorar o nivel de satisfacción das necesidades das unidades de convivencia

CA6.5 Rexistráronse os datos nos soportes establecidos polo equipo interdisciplinar

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A presente programación foi realizada atendendo ao establecido no Decreto vixente polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Integración Social.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

RA 1 Planifica a intervención na unidade de convivencia tendo en conta a relación entre os modelos de intervención e os aspectos xerais da metodoloxía de intervención social

CA 1.1 Identificáronse os modelos de intervención en unidades de convivencia

CA 1.2 Analizáronse os recursos destinados á intervención en unidades de convivencia nos ámbitos estatal e autonómico

CA 1.3 Identificáronse as características da intervención nos servizos de axuda a domicilio, programa de familia, teleasistencia e recursos residenciais para colectivos específicos

CA 1.4 Definíronse os obxectivos dunha intervención nunha unidade de convivencia

CA 1.5 Describíronse as principais estratexias e técnicas para a intervención na unidades de convivencia

CA 1.6 Definíronse as actividades dentro do proxecto de intervención coa unidade de convivencia

CA 1.7 Determináronse as pautas para a intervención directa nas unidades de convivencia

CA 1.8 Valorouse o traballo en equipo para a planificación da intervención

RA 2 Organiza a intervención en unidades de convivencia, para o que analiza as necesidades destas nos ámbitos doméstico, persoal e relacional

CA 2.1 Describíronse os factores que interveñen na adquisición de competencias necesarias para a autonomía das unidades de convivencia

CA 2.2 Identificáronse os niveis de autonomía en diversas unidades de convivencia

CA 2.3 Identificáronse as necesidades das unidades de convivencia nos ámbitos doméstico, persoal e relacional

CA 2.4 Determináronse as necesidades de formación, información, supervisión e acompañamento da unidade de convivencia



- CA 2.5 Relacionáronse os obxectivos e as estratexias de intervención social coas necesidades que presenta a unidade de convivencia
- CA 2.6 Organizáronse os espazos, os recursos e os tempos necesarios para a posta en práctica da intervención nas unidades de convivencia tendo en conta a xeración de ámbitos seguros
- CA 2.7 Relacionáronse as carencias e as alteracións na vida cotiá das unidades de convivencia coa intervención do persoal técnico superior en Integración Social
- CA 2.8 Argumentouse a importancia de respectar as decisións de cada membro da unidade de convivencia

RA 3 Deseña actividades do proxecto de intervención nas unidades de convivencia, para o que analiza as estratexias de intervención

- CA 3.1 Identificáronse os protocolos de actuación tendo en conta as características da unidade de convivencia
- CA 3.2 Planificáronse as actividades de organización das tarefas de mantemento do domicilio tendo en conta o proxecto de intervención
- CA 3.3 Determináronse estratexias e técnicas de apoio social e emocional na unidade de convivencia
- CA 3.4 Previuse o apoio á xestión doméstica da unidade de convivencia
- CA 3.5 Describíronse os apoios de comunicación e as axudas técnicas necesarias na unidade de convivencia
- CA 3.6 Deseñáronse itinerarios para a participación das persoas usuarias nos espazos e nas actividades de lecer e tempo libre
- CA 3.7 Establecéronse procesos e actividades de educación afectivo-sexual
- CA 3.8 Definiuse o asesoramento á unidade de convivencia sobre as responsabilidades e as accións que deban asumir
- CA 3.9 Simulouse a resolución das continxencias na intervención en unidades de convivencia
- CA 3.10 Valorouse a importancia de que o trato dispensado ás persoas da unidade de convivencia se axuste aos criterios e ás normas de atención establecidas

RA 4

Organiza estratexias de intervención no ámbito da prevención de violencia doméstica, para o que analiza os factores persoais e sociais

- CA 4.1 Identificáronse os factores de risco en diversos colectivos
- CA 4.2 Identificáronse os niveis de prevención na intervención social
- CA 4.3 Describíronse accións preventivas para evitar que se produzan ou agraven situacións de violencia doméstica
- CA 4.4 Deseñáronse estratexias que promovan a prevención de accións violentas
- CA 4.5 Seleccionáronse instrumentos e materiais que ofrezan información e a formación
- CA 4.6 Determináronse accións de sensibilización para as situacións de violencia doméstica e o seu ámbito
- CA 4.7 Elaboráronse actividades de sensibilización sobre o problema da violencia doméstica para todos os sectores da poboación
- CA 4.8 Valorouse o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na realización de accións preventivas

RA 5 Desenvolve estratexias de intervención en violencia doméstica, tendo en conta as relacións entre as características da situación e o protocolo establecido

- CA 5.1 Definíronse as características de posibles situacións de violencia doméstica
- CA 5.2 Describíronse os factores de risco en situacións de violencia doméstica



CA 5.3 Analizáronse as prestacións dos servizos relacionados coa detección e a atención en situacións de violencia

CA 5.4 Seleccionáronse os indicadores de violencia doméstica

CA 5.5 Identificáronse os protocolos en situacións de violencia doméstica

CA 5.6 Simulouse o acompañamento persoal, social e emocional en situacións de violencia doméstica

CA 5.7 Aplicáronse técnicas de atención psicosocial para as persoas que sufriran unha situación de violencia doméstica

CA 5.8 Valórouse o cumprimento das normas e dos criterios establecidos no protocolo de actuación no relativo ao trato dispensado ás persoas que sufriran violencia doméstica

RA 6 Realiza actividades para o control e o seguimento da intervención na unidade de convivencia, e xustifica a selección de estratexias, técnicas e instrumentos de avaliación

CA 6.1 Identificáronse os indicadores do proceso de control e seguimento da intervención en unidades de convivencia

CA 6.2 Seleccionáronse as técnicas, os instrumentos e os protocolos para a realización do seguimento da intervención nas unidades de convivencia

CA 6.3 Elaboráronse os instrumentos de avaliación que valoren internamente e externamente a intervención na unidade de convivencia

CA 6.4 Aplicáronse técnicas e procedementos de avaliación para valorar o nivel de satisfacción das necesidades das unidades de convivencia

CA 6.5 Rexistráronse os datos nos soportes establecidos polo equipo interdisciplinar

CA 6.6 Transmitíuselles a información ás persoas implicadas na intervención, tanto directamente como indirectamente

CA 6.7 Valórouse a necesidade de que o persoal técnico superior en Integración Social reflexione sobre as súas propias intervencións

CA 6.8 Xustificouse a toma de decisións para modificar ou adaptar a intervención nas unidades de convivencia

Por tanto, para superar o módulo de Atención ás unidades de convivencia a persoa aspirante deberá ter un coñecemento teórico-práctico suficiente en relación ás seguintes cuestións:

- Coñecer as principais unidades de convivencia e as súas características.
- Analizar os principais recursos e programas dirixidos á intervención nas unidades de convivencia.
- Coñecer as redes de apoio social como base para a intervención social.
- Identificar as necesidades e demandas sociais como paso previo a calquera tipo de intervención.
- Analizar os modelos de intervención familiar e deseñar procesos de intervención acordes á realidade social e aos programas que se están levando a cabo na actualidade.
- Describir o actual marco xurídico e administrativo da intervención social, relacionándoo cos sistemas de protección social nos que se desenvolve o traballo do/a técnico/a.
- Identificar as funcións do/a técnico/a en integración social aplicando estratexias e técnicas de traballo en equipo.
- Coñecer as principais medidas e protocolos a utilizar en situacións de violencia doméstica
- Coñecer a lexislación referente ás unidades convivenciais, así como os recursos, servizos e programas para a intervención social.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN



A proba organizarase en dúas partes unha teórica e outra práctica, que permitan evidenciar, baseándose nos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo profesional.

a) Primeira parte. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

b) Segunda parte. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, se cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Cualificación final: A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será numérica, entre un e dez, sen decimais. Obterase mediante da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

A 1ª parte estará constituída por preguntas de resposta curta e preguntas de resposta a desenvolver relacionados cunha mostra suficientemente significativa dos contidos relacionados cos criterios de avaliación que se relacionan nesta programación para a primeira parte da proba.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para responder a todas as preguntas.

Cada pregunta de resposta curta contestada correctamente terá unha puntuación de 5/nº preguntas de resposta curta da proba.

Cada pregunta de resposta a desenvolver contestada correctamente terá unha puntuación de 5/nº preguntas de resposta a desenvolver da proba.

Superarase esta proba cun mínimo de puntuación de 5 sobre 10.

Non se redondearán notas por debaixo de 5.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun 0 na segunda parte da proba a efectos de calcular a cualificación final da proba libre.

A 2ª Parte da Proba consistirá na resolución por parte da persoa aspirante de varios supostos prácticos de carácter escrito e/ou probas de execución práctica, nas que se amose un dominio dos criterios de avaliación relacionados coa parte práctica do módulo, e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta segunda parte.



Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para dar resposta a todas as cuestións.

A persoa aspirante deberá realizar con suficiente corrección cada un dos supostos prácticos ou probas de execución práctica vinculadas aos criterios de avaliación para superar esta parte da proba, polo que serán avaliados por separado. No caso de superar todas as propostas prácticas cunha nota de 5 ou máis, a cualificación final desta parte resultará do cálculo da media aritmética de cada unha das propostas de avaliación.

No caso de non acadar o 5 nalgún dos supostos prácticos e/ou probas de execución práctica a persoa candidata non acadará o 5 na cualificación global da segunda parte da proba en ningún caso.

Terase en conta o uso e dominio do vocabulario específico do módulo.

Non se redondearán notas por debaixo de 5.

CALCULO DA NOTA FINAL DO MÓDULO

Superarase a proba libre cun mínimo de puntuación de 5 sobre 10. A nota final será o resultado da media aritmética de ambas probas expresada con números naturais enteiros, entre 1 e 10, só se fará media de cualificacións nas diferentes partes obtendo unha cualificación de 5 ou máis en cada parte. Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearanse á alza aquelas notas que acaden a centésima ",51" ou máis.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba estará constituída por preguntas de resposta curta e preguntas de resposta a desenvolver sobre os contidos relacionados cos CA que se relacionan nesta programación para a primeira parte da proba.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para responder a todas as preguntas.

Cada pregunta de resposta curta contestada correctamente terá unha puntuación de 5/nº preguntas da proba.

Cada pregunta de resposta a desenvolver contestada correctamente terá unha puntuación de 5/nº preguntas da proba. Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro.

A persoa candidata acreditará a súa identidade con documento oficial.

Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior dende o inicio de cada unha das probas, incluído o chamamento, e ate o remate das mesmas, salvo expresa indicación notificada previamente do profesorado responsable. Isto inclúe teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo.

Unha vez iniciadas as probas escritas as persoas candidatas agardarán un mínimo de 15 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable. Non se poderá retirar da aula ningunha copia da proba nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización da mesma.

Será excluída calquera persoa aspirante que leve a cabo acción de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será de 0.



4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte da proba consistirá na resolución por parte da persoa aspirante de varios supostos prácticos de carácter escrito e/ou probas de execución práctica, nas que se amose un dominio adecuado dos criterios de avaliación relacionados coa parte práctica do módulo, e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta segunda parte. A persoa aspirante deberá realizar con suficiente corrección cada un dos supostos prácticos ou probas de execución práctica vinculadas aos criterios de avaliación para superar esta parte da proba, polo que serán avaliados por separado. No caso de superar todas as propostas prácticas cunha nota de 5 ou máis, a cualificación final desta parte resultará do cálculo da media aritmética de cada unha das propostas de avaliación. No caso de non acadar o 5 nalgún dos supostos prácticos e/ou probas de execución práctica a persoa candidata non acadará o 5 na cualificación global da segunda parte en ningún caso.

A proba terá unha duración de 120 minutos.

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro.

A persoa candidata acreditará a súa identidade co DNI ou pasaporte.

Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior desde o inicio de cada unha das probas, incluído o chamamento, e ata o remate das mesmas, salvo expresa indicación notificada previamente do profesorado responsable. Isto inclúe teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo.

Unha vez iniciadas as probas as persoas candidatas agardarán un mínimo de 15 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable. Non se poderá retirar da aula ningunha copia da proba nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización da mesma.

Será excluída calquera persoa aspirante que leve a cabo accións de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será de 0.